

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 15 de decembro de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE ESCOLAR NO CONCELLO DE CARBALLO DURANTE O CURSO 2025/2026. APROBACIÓN.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 06/10/2025 aprobou as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2025/2026 (EDBEIP); publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 195, do 13 de outubro de 2025.

Posteriormente publicouse no BOP nº199, do 17/10/2025, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o día 07/11/2025.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria, e cumpren cos requisitos establecidos nela.

A base 14 establece que “A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrência competitiva, e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente, requirindo informe do Servizo de Fomento e Programas Deportivos”, o cal se emite e se incorpora ao expediente e no que se dá conta das valoracións das solicitudes.

De acordo coa base 14 da convocatoria, por resolución de alcaldía número 3713/2025, de data 02 de decembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebra a súa xuntanza o día 04/12/2025 e formula proposta de acordo de resolución.

No expediente figura o informe do técnico de deportes de data 04/12/2025.

O Concelleiro delegado de Deportes, Mocidade e Captación de Recursos Públicos, nomeado por Decreto 2956/2025 de 14 de outubro, efectúa a proposta de aprobación o día 04/12/2025 no expediente 2025/A002/000017.

Por iso, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias delegadas polo Alcalde segundo o Decreto 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1, polos motivos que se indican.

Segundo.- Conceder as subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2025/2026: EDBEIP, ás entidades que se relaciona no anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 “Subvencións fomento deporte non nominativas” do Orzamento Municipal, sendo o importe total proposto de 11 942,00 €.

Terceiro.- Autorizar as seguintes modificacións dos criterios técnicos xerais, con arreglo ao establecido na base 10.2 da convocatoria e fundamentado na procura da optimización dos recursos dispoñibles e na adaptación ás características específicas dos centros de ensino:

Composición de grupos con participantes de diferentes ciclos educativos, para tódolos proxectos.

Para as actividades a executarse nos centros de ensino de Ceip Canosa Rus, Ceip Gándara Sofán, Ceip Nétoma Razo e CRA Ponte da Pedra, realización de escolas deportivas con menor número do mínimo establecido de doce (12).

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron, e nas condicións especificadas nas solicitudes, para contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas á entidade por atoparse

nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, e cumprindo co establecido no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos termos especificados nas propias solicitudes.

Quinto.- Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para o anticipo de importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases da convocatoria, en conformidade ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos que se derivan do proxecto subvencionado.

Sexto.- Notificar ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sétimo.- Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

Oitavo.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Solicitudes non admitidas.

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Motivo
1	Anpa Fonte da Cristina	G70262597	Non contestar o requirimento de emenda da solicitude do 14/11/2025

Anexo 2.- Subvencións concedidas destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2025/2026: EDBEIP.

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe outorgado
1	Agrupación Deportiva Escolar Ceip Fogar	G70503487	EDEBEIP Ceip Fogar 2025/2026	466,20	7.252,00 €
2	Anpa A Braña do Ceip Canosa Rus	G15460942	Multideporte "O corpo en harmonía"	27,00	420,00 €
3	Anpa A Carballeira	G15896129	Iniciación a Atletismo CRA Ponte da Pedra	39,60	616,00 €
4	Anpa Raiante Ceip Gándara Sofán	V15131378	Actividades deportivas extraordinarias Anpa Raiante do Gándara Sofán 2025/2026	132,30	2.058,00 €
5	Anpa San Martiño Ceip Nétoma Razo	G15450935	Impúlsate no deporte 2025-26	103,85	1.596,00 €
	TOTAL			768,95	11.942,00 €